

«NEUTRALIDADE IDEOLÓXICA» AO SERVIZO DA CENSURA E DO CONTROL

Asistimos con preocupación a unha nova escalada na aplicación do principio de *neutralidade ideolóxica*, esgrimido para a denegación da homologación previa dunha actividade de formación permanente do profesorado, organizada por Nova Escola Galega. O XXXVI Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz. Palestina e máis alá. *Educación na vida en tempos de xenocidio* semella ter outras pexas, segundo declaracións da Consellería, ao «non estar aliñada coas liñas estratéxicas do Plan de Formación do Profesorado» e ademais ser «susceptible de confrontar co principio de neutralidade».

As instrucións de 5 de xuño do ano pasado foron consideradas por moitas entidades da comunidade educativa como unha forma de censura para impoñerlles aos centros educativos uns marcos restritivos para as súas actividades complementarias e as relacións con entidades externas. Agora pretenden aplicarse por «extensión» a un ámbito non contemplado na norma, como é a formación permanente do profesorado.

Na súa longa traxectoria, estes Encontros estiveron sempre aliñados co mandato de educar nos dereitos humanos e para unha cidadanía global, que compromete o conxunto do sistema educativo, cun lugar propio no currículo vixente e na formación inicial e permanente do profesorado.

No propio Plan de Formación do Profesorado existe unha «área social que agrupa aquelas competencias que teñen incidencia na comunidade educativa e na sociedade en tanto que traballan ODS, saúde integral e benestar individual co gallo de participar no tecido social de xeito sostible e construíndo unha cidadanía global positiva». Nela figura como «competencia inclusiva, social e cidadá: promover un clima de convivencia positiva no que se considera a diversidade como un activo de aprendizaxe, se desenvolve a conciencia intercultural e internacional, e se atende a prevención e resolución de conflitos, fomentando a xustiza social e o respecto».

Semella que as explicacións técnico-xurídicas ofrecidas pola administración pretenden darlle carta de «obxectividade» a decisións que lesionan a autonomía docente, condicionando as escollas para a súa propia formación. Envíase unha mensaxe nítida ao profesorado e á comunidade educativa sobre o que é lexítimo ou non tratar nas aulas.

Para evitar confusións interesadas, cómpre sinalar como a idea de «neutralidade ideolóxica» contida na LODE (1985) para evitar inercias nun sistema educativo de longa tradición adoutrinadora, ten que ser compatible coa necesidade de educar en valores, no pluralismo e no compromiso cos dereitos humanos, como sustento axiolóxico para que as escolas sexan espazos democráticos de construción cidadá.

Exercer a censura apelando a este principio forma parte das posicións da dereita e da ultradereita, en contextos nacionais e internacionais. A campaña a favor da obxección de conciencia da materia «Educación para a cidadanía» ou o «veto parental», ideados para introducir maior confrontación nos centros e para alimentar a auto-censura docente, son exemplos coñecidos.

O enfoque das actuais leis educativas na defensa dos dereitos da infancia limita estas pretensións; nin as súas propias familias teñen dereito a manter a infancia e a mocidade á marxe da oportunidade de educárense con sentido crítico, coñeceren os problemas do seu tempo e procuraren, a través do coñecemento, a reflexión e o debate, un achegamento plural a temas socialmente controvertidos.

A *neutralidade educativa* é unha falacia que a literatura pedagóxica vén desenmascarando desde hai tempo. Todo proxecto educativo ten implicacións políticas. O papel das administracións pode colocar o profesorado nunha arriscada posición fronte ás dificultades de ensinar-aprender arredor de problemas non asentados en consensos sociais, dos que existen «relatos controvertidos». A fórmula proposta pola dereita conservadora pretende obviar a controversia: naturalizando o seu relato como o dominante, froito do sentido común, e afastando das aulas lecturas máis críticas, baixo acusación de presunto adoutrinamento, deslexitima e desanima a implicación do profesorado nestas temáticas recollidas no currículo.

Xaora, esa aparencia de «espazo neutral» non salvagarda a integridade académica das institucións educativas, nin as liberdades académicas do profesorado, senón que busca desarmalas. O xenocidio do pobo palestino, por exemplo, representa unha das maiores conculcacións dos dereitos humanos. Porén, o seu tratamento nas aulas é a causa principal que activa as alarmas da censura nalgúns administracións educativas, contrarias a que a escola reflecta visións críticas, presentes na nosa sociedade.

Son moitas as interrogantes que suscita este proceder da administración.

Agochando a análise plural de cuestións controvertidas, axudamos a mocidade a afrontar os desafíos dun mundo crecentemente complexo? Temos o dereito de deixala espida, sen ferramentas para a comprensión das realidades que condicionan as súas vidas, alimentando a ignorancia e a indiferenza?

Podemos como sociedade descartar o potencial democrático da escola pública para estimular a indagación, a reflexión e o debate, a descuberta de feitos históricos, a súa pegada no momento actual e a capacidade para pensar e implicarse nun presente e nun futuro enraizado nos dereitos humanos e na plena cidadanía global? ■